

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

7330 *Real decreto 558/2010, do 7 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.*

Desde a publicación do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas, púxose de manifesto a necesidade de precisar determinados aspectos relativos fundamentalmente á organización das novas probas de acceso que nel se regulan, así como aos criterios que serán de aplicación aos novos procedementos de admisión ás universidades públicas nas próximas convocatorias.

De acordo co anterior, os aspectos que se regulan nesta norma teñen por obxecto facilitar todos aqueles extremos que poidan incidir nunha mellor organización, xestión e desenvolvemento das probas de acceso.

Así mesmo, e co fin de garantir que os procedementos de admisión ás universidades públicas proporcionen as mesmas oportunidades a todos os estudantes naquelas ensinanzas universitarias onde se presenten situacións de concorrencia competitiva, parece oportuno regular a posibilidade de que os estudantes que estean en posesión dun título de Técnico Superior, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior poidan realizar a fase específica da proba de acceso co fin de poderen mellorar as súas notas de admisión á universidade nas mesmas condicións que os estudantes que, procedentes do bacharelato, superasen a fase xeral da proba de acceso á universidade.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado, o Consello de Universidades e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.*

1. Dáselle nova redacción ao punto 1 do artigo 11 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«Cada estudante poderase examinar dun máximo de catro materias, que elixirá entre as materias de modalidade de segundo de bacharelato a que fai referencia o artigo 7.6 do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas. As ditas materias deberán ser distintas á materia elixida para realizar o exercicio a que se refire o artigo 9.4 deste real decreto, sempre que o estudante se examine da fase xeral e da fase específica na mesma convocatoria.»

2. Engádese un inciso ao final do punto 2 do artigo 11 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«Cada exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.»

3. Engádese un punto 5 ao artigo 11 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, coa seguinte redacción:

«5. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma en que se encontre o centro en que se examinan.»

4. Modifícase a definición de M1 e M2 no punto 1 do artigo 14 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«M1, M2= as cualificacións dun máximo de dúas materias superadas da fase específica que proporcionen mellor nota de admisión.»

5. Dáselle nova redacción ao punto 3.c) do artigo 16 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«c) Adopción das medidas necesarias para garantir o establecido nos artigos 9.7, 11.5 e 26.6»

6. Dáselle nova redacción ao último parágrafo do punto 3 do artigo 18 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«O estudante terá dereito a ver o exame corrixido unha vez finalizado na súa totalidade o proceso de corrección e reclamación establecido neste real decreto, no prazo de dez días.»

7. Dáselles nova redacción aos puntos 3, 4 e 5 do artigo 26 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«3. Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, no cal o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, os estudantes que estean en posesión dos títulos a que se refire este artigo poderanse presentar á fase específica para mellorar a nota de admisión. Esta fase específica axustarase aos seguintes criterios:

a) Cada estudante poderá realizar un máximo de catro exercicios á súa elección. Cada exercicio estará relacionado cun tema do temario establecido para este efecto para cada unha das ensinanzas relativas aos títulos de Técnico Superior, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño e Técnico Deportivo Superior. O Ministerio de Educación, logo de consulta ás comunidades autónomas, definirá e desenvolverá os tres temarios e adscribirá cada tema ás ramas de coñecemento en que se estruturan as ensinanzas universitarias oficiais de grao.

b) Cada exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

c) Cada un dos exercicios de que se examine o estudante nesta fase específica cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superado o exercicio cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

d) As universidades públicas utilizarán para a adxudicación das prazas a nota de admisión que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula e se expresará

con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a \cdot \text{M1} + b \cdot \text{M2}$$

NMC = nota media do ciclo formativo.

M1, M2 = as cualificacións dun máximo de dous exercicios superados da fase específica que proporcionen mellor nota de admisión.

a, b = parámetros de ponderación dos exercicios da fase específica.

4. A nota de admisión incorporará as cualificacións dos exercicios da fase específica, no caso de que os temas sobre os cales versan estean adscritos á rama de coñecemento do título a que se pretende acceder, de acordo coa adscrición a que se fai referencia no punto 3.a) deste artigo.

5. O parámetro de ponderación (a ou b) dos exercicios da fase específica a que se refire este artigo será igual a 0,1. As universidades poderán elevar o dito parámetro ata 0,2 para aqueles temarios que consideren máis idóneos para seguir con éxito as ensinanzas universitarias oficiais de grao. As universidades deberán facer públicos os valores dos ditos parámetros ao comezo do curso correspondente á proba.»

8. Engádense os puntos 6, 7, 8, 9, 10 e 11 ao artigo 26 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, coa seguinte redacción:

«6. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma en que se encontre o centro en que se examinan. No entanto, se algún exercicio está relacionado cunha lingua estranxeira deberase desenvolver nesta lingua.

7. O réxime de convocatorias e validez desta fase específica será o establecido no artigo 15.

8. Para a realización destas probas específicas, as comisións organizadoras establecidas no artigo 16 integrarán, ademais, profesorado das ensinanzas a que se refire este artigo 26, e a coordinación establecida no punto 3.a) do artigo 16 tamén se realizará cos centros que impartan estas ensinanzas.

9. Os tribunais cualificadores desta fase específica rexeranse polo establecido no artigo 17, considerando en substitución do profesorado e dos centros de bacharelato os correspondentes ás ensinanzas a que se refire este artigo 26.

10. As reclamacións rexeranse polo establecido no artigo 18.

11. Para os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade observarase o disposto no artigo 19, substituíndo, nos seus puntos 3 e 4, bacharelato polo ensino correspondente.»

9. Modifícase o punto 1.b) do artigo 54 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«b) En segundo lugar, adxudicaránselles prazas aos estudantes que superasen a proba de acceso á universidade na convocatoria extraordinaria do ano que corre e aos que superasen as ensinanzas que conducen aos títulos a que se refire o artigo 26 despois da adxudicación realizada en primeiro lugar, segundo o establecido na alínea a) anterior.»

10. Engádense unha disposición adicional sétima no Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«A nota media de bacharelato a que se fai referencia neste real decreto, no caso dos estudantes aos cales lles foron validados estudos de sistemas educativos estranxeiros polos de primeiro de bacharelato español, será calculada a partir da nota media do curso validado e a de segundo de bacharelato. A nota media do curso

validado será a que figure na credencial de validación ou no seu certificado complementario, calculada segundo a Resolución do 29 de abril de 2010, da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional, pola cal se establecen as instrucións para o cálculo da nota media que debe figurar nas credenciais de validación e homologación de estudos e títulos estranxeiros co bacharelato español.»

11. Dáselle nova redacción ao primeiro parágrafo do punto 4 da disposición transitoria única do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«4. O disposto nos puntos 3 a 11, ambos inclusive, do artigo 26 será de aplicación para os procedementos que se realicen para a admisión ás universidades públicas españolas a partir do ano académico 2011-2012.

No procedemento que se realice para a admisión no curso 2010-2011 será de aplicación o establecido nos puntos 1 e 2 do citado artigo 26, de acordo cos tres seguintes criterios:

a) para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, no cal o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, as universidades públicas utilizarán para a adxudicación das prazas a nota de admisión que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula e se expresará con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a \cdot \text{M1} + b \cdot \text{M2}$$

NMC = nota media do ciclo formativo.

M1, M2 = as dúas mellores cualificacións dos módulos de que se compón o ciclo formativo de grao superior, quedando exceptuados os módulos de Formación e Orientación Laboral, Formación en Centros de Traballo e Empresa e Cultura Emprendedora.

a, b = parámetros de ponderación dos módulos do ciclo formativo.

b) a nota de admisión incorporará as cualificacións dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior, no caso de que se estableza que este sexa de acceso preferente á rama de coñecemento das ensinanzas do título a que se pretenda acceder, e

c) o parámetro de ponderación (a ou b) dos módulos será igual a 0,1. As universidades poderán elevar o dito parámetro ata 0,2 naqueles módulos que consideren máis idóneos para seguir con éxito as ditas ensinanzas universitarias oficiais de grao. As universidades deberán facer públicos os valores deses parámetros para os módulos seleccionados ao comezo do curso.

O disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 26 será de aplicación para o acceso ás universidades públicas españolas a partir do ano académico 2010-2011.»

12. A disposición transitoria única do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, pasa a denominarse disposición transitoria primeira.

13. Engádesse unha disposición transitoria segunda ao Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda.

Aos estudantes que, tendo superado a proba de acceso á universidade con anterioridade ao ano 2010, pretendan acceder a ensinanzas universitarias oficiais

de grao nas cales se presenten procedementos de concorrencia competitiva, calcularáselles a nota de admisión conforme a fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = \text{CDA} + a \cdot \text{C1} + b \cdot \text{C2}$$

CDA= a cualificación definitiva do acceso obtida con anterioridade ao ano 2010.

C1, C2= as cualificacións dun máximo de dúas materias das cales o estudante se examinou no segundo exercicio da proba de acceso que fai valer, cun valor mínimo de 5 puntos.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das citadas materias de exame no caso de que coincidan con materias adscritas á rama de coñecemento do título ao cal se queira ser admitido, de acordo co anexo I.

O anterior será de aplicación no procedemento que se realice para a admisión no ano académico 2010-2011. A partir do ano académico 2011-2012, aos mencionados estudantes seralles de aplicación o establecido na disposición adicional terceira deste real decreto.

2. Sen prexuízo do anterior, os estudantes que superaron a proba de acceso á universidade con anterioridade ao ano 2010 poderán optar por realizar a nova proba de acceso para mellorar nota, ben sexa na súa fase xeral ou ben nas dúas fases de acordo co establecido neste real decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL